



### Descrición

Restaurado recentemente pola Comunidade de Montes en Man Común de Carballedo. No concello de Cotobade hai tres: un en Corredoira, outro en Valongo (na Conllosa) e este de Paraños en Carballedo.

Un couso, lobeira ou foxo de lobo é unha construción tradicional empregada no medio rural para a caza do lobo ou de calquera outro animal considerado daniño e perigoso.

Habitualmente os seus elementos constitutivos son un par de muros ou valados (sebes) e un pozo ou foxo propiamente dito. Os valados teñen altura suficiente para impediren o paso dos lobos, e forman no terreo os dous lados dun triángulo. No seu vértice hai unha rede entre eles ou un furado escavado no chan, o foxo, no que os lobos eran capturados ou mortos. Os muros podían ser de pedra ou madeira, ás veces de cachotería e outras de chantos. Adoitaban ter unha lonxitude total de varios centos de metros.

Os veciños da aldea xuntábanse para correr o lobo. Espallábanse en dous grupos polo monte, armando ruído e acompañados por cans, ían acurrallando ao lobo ata levalo ao espazo situado entre os sebes. Unha vez dentro, conducíase ata o pozo, onde o lobo caía e xa non podía saír. É probable que no fondo do pozo houbera unha estacada afiada para ferir ou matar ao animal. Despois rematábase, entrábase por un portelo e quitábase o cadáver.

Os foxos sitúanse en zonas afastadas do monte, en lugares de pendente que facilitan o acoso.

### Adscrición cultural

Sen definir

**Tipoloxía**

Foxo

### LOCALIZACIÓN

**Parroquia**

Carballedo

**Lugar**

Paraños

### Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 540254 Y: 4703224

### Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.511784 O

Latitude: 42.478393 N

